

Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Santiago de Compostela, 08 de abril de 2026

INTERVENCIÓN JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO DEBATE DO ESTADO DA AUTONOMÍA 2026

--ESTE DISCURSO É UN BORRADOR E PODE TER VARIACIÓNS RESPECTO DA INTERVENCIÓN--

Grazas Presidente do Parlamento

Boa tarde

Presidente da Xunta, señorías, autoridades e representantes dos colectivos sociais que hoxe nos acompañan, medios de comunicación e os cidadáns que nos seguen a través do *streaming*.

Señor Rueda, catro anos como Presidente. 17 anos xa no Goberno da Xunta. E a pregunta segue aí: **Que cambiou na vida da xente?** Que mellorou? Que problemas resolveu? E neste último ano, Que se transformou en Galicia máis alá da propaganda?

Por iso, a pregunta realmente importante, a que hoxe cómpre responder, é esta: Que atopa un galego ou unha galega cando pensa en que decisión do seu Goberno lle mellorou de verdade a vida? O que atopa é preocupación, incerteza.

Non hai pegada, nin rumbo, nin planificación nin proxecto. Hai inercia de xestión e melloras para que uns poucos - por certo, os de sempre- sigan vivindo ben.

Mentres tanto, **o seu Goberno permitiu que se complicase cada vez máis a vida da gran maioría da cidadanía**, a de quen precisaba, máis que nunca, dun goberno cun mínimo de alma.

Señor Rueda, nestes últimos dous anos tivemos a oportunidade de ter algúns debates coma este ou semellantes.


Pregunteille en algunha ocasión para que quería ser Presidente. Ante a falta dunha resposta insistinlle e pregunteille para quen goberna vostede.

Fun máis alá e intentei empurrar para que o seu goberno construíse en positivo: pregunteille polos seus proxectos a futuro, polos seus principios e valores, polas ideas que quería desenvolver para este país. En vivenda, sanidade, o custo da vida, educación, reto demográfico, industria...

Tampouco recibín resposta, non sei se porque vostede non quería, non podía ou non sabía. A realidade é que non contestou nada. Citou case máis veces a Pedro Sánchez que a Galicia. **E como vostede ten máis claro contra quen quere confrontar que para quen ten a obriga de traballar —que non, que non é Feijóo, senón a maioría das galegas e dos galegos—, así faise imposible dirixir un país.**

Porque respecto á cidadanía —e, por iso, ás institucións— teño que dicirle con toda claridade: non é aceptable unha Presidencia sen rumbo. Non é aceptable gobernar á deriva nin limitarse a administrar a inercia.





Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

POSICIÓN POLÍTICA EN GALICIA

E mentres vostede asemella ser máis un tertuliano que un presidente, os problemas acumúlanse e Galicia perde tempo cun Goberno que, se algo transmite, é unha notable falta de impulso e de sentido de país.

Señor Rueda, en Galicia conviven tres grandes espazos políticos e ideolóxicos: a dereita, a esquerda e o nacionalismo. Unha pluralidade que, lonxe de ser un problema, é unha riqueza verdadeiramente democrática.

É natural que existen notables discrepancias como tamén é necesario que existan puntos de encontro.

O que xa non resulta razoable é ver un Goberno máis preocupado por silenciar á oposición que por ofrecer un proxecto propio. Porque mentres nós propoñemos, vostedes preocúpanse máis de silenciarnos que de dar respostas. Mesmo con decisións claramente mesquiñas como retirarnos preguntas na sesión de control. Iso di máis de vostede do que lle gustaría recoñecer, porque decide silenciar a quen máis lle incomoda.

E nesa estratexia gastan recursos e fondos de todos, coa televisión e radio públicas como principais censoras.

E nós, as e os socialistas estamos aquí para ser útiles para combater as desigualdades con políticas reais, non para conformarnos con pancartas e slogans fáciles.

Por iso, hoxe escoitará críticas, como corresponde nun sistema democrático, pero tamén propostas solventes e fundamentadas.... Outra cuestión será a disposición que teña para atendelas.

Veremos se neste debate responde algo concreto. Aínda que todo apunta ao de sempre: evasivas, equilibrios e ningunha resposta.

Oxalá me equivoque.

SITUACIÓN POLÍTICA GLOBAL


Vivimos nun mundo convulso. Parece ser a tónica dos últimos anos, e resulta totalmente determinante para tomar as nosas decisións. Tradicionalmente a política internacional foi sinalada como complexa e chea de matices.

O mundo tamén cambiou nisto. Estamos ante unha invasión da cultura reaccionaria, do fascismo impulsado por grandes poderes e de líderes populistas con aires de emperador que non aceptan as normas e actúan como déspotas.

Están contaminando a nosa convivencia, e hai que tomar posición, señor Rueda: **NON SE PODE SER AMBIGUO COA PAZ.**

Porque nin Europa, nin España, nin Galicia están á marxe. Cando Putin invade Ucraína ataca o que Europa desexa ser en conxunto e ameaza a nosa estabilidade. Cando Israel comete o xenocidio indecente que está a aplicar en Gaza está asumindo que impere a lei do máis forte. E





Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

cando Estados Unidos actúa como se o mundo fose seu, despreza todo o que se construíu con esforzo, suor e memoria.

Por iso, aquí non caben equilíbrios cómodos. Son só tres palabras: NON Á GUERRA. Sen peros, sen matices interesados. NON Á GUERRA.

Porque se o fin xustificase os medios, todo valería... e iso non é aceptable.

E dígoallo con claridade: a posición do seu partido é covarde, decidiron rirle as grazas a Trump. E custa entender que gañan sendo a mochila dun líder que nin sequera os respecta.

Se cadra, vostede pode pensar que esa equidistancia entre agresores e agredidos é unha posición prudente, ponderada e incluso intelixente. Iso mesmo pensou o goberno inglés cando asinou con Hitler o acordo de Múnic. A historia xa nos contou como rematou aquilo.

Ao fascismo fáiselle fronte. Non se lle rin as grazas. Non se negocia con el. Non se pacta con el.

Hoxe temos a oportunidade de estar á altura. **E este é o primeiro acordo que lle proponho nesta Cámara, que Galicia dea exemplo cunha posición clara: un NON Á GUERRA, un SI ao respecto ao dereito internacional e un SI ao apoio a un goberno que traballa pola paz.**

Porque a paz non admite matices.

No Debate do Estado da Autonomía do ano pasado falabamos das consecuencias da guerra arancelaria de Trump. Neste, das derivadas do conflito en Oriente Medio. Cambian os escenarios, pero non cambia vostede: en ambos os dous casos, a súa resposta foi a mesma: maquillaxe en lugar de medidas eficaces para apoiar ás persoas e sectores afectados.

O Goberno de España acaba de mobilizar 5.000 millóns de euros, por certo, co voto do seu partido en contra: rebaixas fiscais, apoio ás familias, medidas reais. Outras comunidades tamén actuaron: 1.000 millóns en Euskadi, 400 en Cataluña.

E Galicia? Galicia quedou atrás.

Porque mentres outros gobernos toman decisións, aquí levamos semanas escoitando escusas. Pedímoslle medidas para as familias, empresas, gandeiros, xente do mar, transportistas... Pedímoslle que gobernase.


E vostede non estivo. Vende agora como un gran plan contra a guerra 157 millóns en investimentos que xa estaban previstos. E tan triste que chega a incluír reformas de pantaláns en portos ou axudas á sinalización do Camiño de Santiago.

E fronte a iso, hai alternativa. Nós propoñemos o que toca: axudas directas aos sectores produtivos, redución de taxas, apoio ao combustible e medidas fiscais claras.

E tamén un escudo social galego: apoio ás familias vulnerables, reforzo dos bonos enerxéticos, axudas ao transporte e medidas reais contra a inflación.

Gobernar é isto. O demais... é desaparecer.





Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

AS REALIDADES DO PAÍS

Fagamos un repaso directo, sen rodeos, dos principais problemas que lle preocupan aos galegos e as galegas. Das políticas que un goberno decente debería estar liderando en Galicia... e non está.

Porque mentres a cidadanía pide solucións, o que temos é un goberno á deriva.

Un presidente serio planifica. Un presidente responsable pensa na Galicia de dentro dun ano... de 5... de 10... e na que herdarán os nosos fillos e fillas.

Pero vostede, señor Rueda, cando escoita a palabra *planificación*, mira para outro lado. Sabe por que?

- Porque planificar é gobernar. É tomarse en serio a necesidade de buscar solucións.
- É poñer obxectivos e marcarse prazos.
- E, sobre todo, é render contas do cumprimento ou incumplimento das súas políticas.

Señor Rueda, ¿como pode presumir de bo Goberno?

De verdade que non sente nin un mínimo de vergoña ao saber que baixo o seu mandato hai máis galegos e galegas que nunca que non poden acceder a unha vivenda, a un médico ou a unha residencia?

Falemos pois de dereitos.

FALAR DE VIVENDA EN GALICIA é hoxe abordar a principal preocupación da xente: así o sinala o 43% da cidadanía, un máximo histórico e claramente dominante sobre o resto de temas.

Dino os datos... e dino tamén as familias que destinan máis do 50% do seu salario ao alugueiro, sen sequera poder pensar en mercar.

E cando unha xeración enteira non pode acceder a un fogar, o problema xa non é individual: é un problema político de primeiro orde do que vostede é responsable.

17 anos gobernando e non foron capaces de planificar un parque público. Xa a Valedora do Pobo levaba máis dunha década advertíndoo: en 2014, axudas insuficientes; no 2018, falta de vivenda social; no 2020, un sistema incapaz de responder á demanda.

No último Debate do Estado da Autonomía xa lle alertei de que había 22.000 persoas agardando por unha vivenda pública. Familias, mozos... Hoxe son 10.000 máis... 10.000 máis nun só ano, o dobre que ao seu inicio deste mandato.


833 persoas novas cada mes que urxen un teito accesible.

Ferramentas para baixar prezos hainas. As zonas tensionadas, por exemplo. Pero prefiren bloquealas e deixar que o mercado faga o resto.

Nin fan nin deixan facer: no 2025, vostede presupostou 153 M€ para vivenda. E executou só 33. É dicir, máis de 100 M€ quedaron sen utilizar mentres miles de persoas non atopaban un fogar.

Pregúntolle É isto planificar e resolver o problema?





Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

De todas as vivendas que levan catro anos anunciando, hai algunha que estea rematada? Apuntan agora que no 2030 estarán executadas 10.000 vivendas. E vivimos no ano 2026.

Aínda que todo iso se cumpra —que está por ver—, ¿que facemos hoxe? Porque o problema témolo agora.

Debemos actuar sobre o mercado do aluguer. Nós propuxémoslle o Banco Público de Alugueiro. Hai concellos xa nese camiño, desenvolvendo o que vostede debería facer por competencias, e non fai.

Non lle avergoña?

Debera intervir, actuar para poñer en circulación xa ata 10.000 vivendas nas cidades, de maneira áxil e con alugueres accesibles para mocidade e familias vulnerables. É posible.

É necesario dotar e utilizar os fondos para rehabilitación de vivendas, e que entren tamén no mercado.

E se precisa ser vixiante coa infravivenda.

Non pode ser que haxa quen se aproveite de traballadores en precario ou de estudantes para alugar pisos que non reúnen condicións dignas... Non sexa vostede cómplice dos especuladores.

Pero de todo isto, vostede...nada.

E NADA EN SANIDADE. Hoxe en Galicia volvemos a sufrir esperas que non existían hai 20 anos, tamén nos centros de saúde.

A atención primaria está desbordada e desatendida. As e os socialistas de Galicia levamos anos advertíndoo.

E os datos son claros: somos a segunda CCAA que menos inviste en atención primaria, só por detrás do Madrid da señora Ayuso.

E máis, non foi quen de cumprir unha das súas grandes promesas de lexislatura: garantir que ningunha persoa tivese que esperar máis de catro días por unha cita médica. A realidade desminte o seu discurso. A día de hoxe, o 43% dos pacientes segue agardando máis dese prazo.

En serio cre que hai algo do que presumir niso?


Non é comprensible que hoxe teñamos listas de espera peores que antes da pandemia.

Agora estamos a pagar a súa falta de previsión.

Hai un problema de xubilacións, especialmente en pediatría. Pero iso non aparece de repente. Cunha boa planificación podería preverse e actuar para corríxilo.

E mentres tanto, temos un dos niveis máis baixos en número de profesionais en saúde mental de toda España, e o impacto xa se ve na sociedade: somos a CCAA con maior taxas de suicidios.





Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Estamos ante a gran epidemia do século XXI, e aquí Galicia debería ir por diante. Pero vostedes están máis pendentes da conta de resultados que da saúde da xente.

Fagamos unha reflexión sinxela: hai 20 anos, coa mesma poboación, Galicia tiña un PIB *per cápita* de arredor de 19.000 euros.

Hoxe está por riba dos 30.000. Como se explica que, tendo máis recursos teñamos peor acceso á sanidade?

A onde están indo eses cartos mentres á espera por un médico pode significar a diferenza entre a vida ou a morte?

Que debemos pensar dun goberno ao que se lle enche a boca falando de que cada vez pon máis cartos e que resulta que cada vez xestiona peor?

Os datos máis recentes apuntan que un 90% das persoas en Galicia suxiren que fan falta algún ou moitos cambios na xestión da sanidade pública.

Sáquenos dunha dúbida. Aquí houbo falta de planificación...ou planificaron vostedes este desmantelamento?

As e os socialistas témolo claro: Urxe reforzar a atención primaria, garantir máis profesionais e hai que blindar por lei a atención médica en menos de 48 horas.

Señor Rueda, póñase a traballar.

Non mellora a cousa se miramos ao **ENSINO**. Cando falamos de educación non falamos de estatísticas, falamos de vidas. E hoxe en Galicia hai centos de nenos e nenas que non están a recibir a atención que precisan.

Falta profesorado de Pedagogía Terapéutica, de Audición e Linguaxe, faltan orientadores, faltan coidadores e coidadoras. É un problema estrutural.

Mención especial merece o fracaso dun sistema que presume de inclusivo... pero non o é. Atrasos nas convocatorias, mala xestión dos recursos e incumprimentos constantes: esa é a realidade.


E mentres tanto, o sistema sostense polo esforzo titánico dos profesionais... Profesionais desbordados tamén de papeleo mentres a administración falla.

Fronte a isto, **propoñemos un Plan de Choque de emprego e un Plan de Infraestruturas Educativas** con financiamento garantido e planificación plurianual, así como un acordo para mellorar as condicións laborais do profesorado.

E se miramos á **UNIVERSIDADE**, o problema repítese: falta planificación e sobra improvisación. Hai mozos e mozas que non poden continuar a súa formación porque non poden pagar un mestrado, mentres a Xunta anuncia medidas que acaban financiando as propias universidades.

Por iso defendemos unha proposta clara: gratuidade da primeira matrícula nos mestrados e un incremento estable e suficiente do financiamento universitario.





Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

A súa **POLÍTICA SOCIAL** é unha materia falida. Un fracaso que ten consecuencias reais na vida da xente.

A ausencia de planificación é un cartel xigante de neon:

- Incumpren a Lei de Servizos Sociais ao non ter nin sequera un Plan Estratéxico.
- Vulneran a Lei de Dependencia substituíndo dereitos por bonos que non resolven nada
- E xeraron un déficit de máis de 11.500 prazas de residencia para persoas maiores: unha das peores situacións do Estado nun país con máis de 700.000 persoas maiores de 65 anos.

Este tamén é o goberno que perdeu unha liña de axudas europea de 23M de euros para escolas infantís públicas, mentres subvenciona na súa totalidade ás escolas infantís privadas.

E todo iso afogando as contas dos concellos, obrigándoos a financiar un Servizo de Axuda no Fogar que é responsabilidade da Xunta, cun novo acordo coa FEGAMP insuficiente.

Iso non é cooperación, é presión política: asfixian aos concellos que non gobernan para intentar controlalos.

Cos socialistas na Xunta, esta débeda histórica resolveríase financiando o SAF ao 100%. Porque o que está en xogo son dereitos, non os seus intereses partidistas.

Que sucede coa **ECONOMÍA** deste país, señor Rueda? Porque a sensación é clara: Galicia avanza... pero sen goberno e sen proxecto máis que a inercia da boa marcha de España.

Non somos un país pobre nin pequeno. Xeramos arredor de 31.000 euros de PIB per cápita, 2,5 veces máis que México e por riba de Portugal. Exportamos o dobre que Uruguai con poboación similar e mantemos superávit comercial. Formamos parte dunha das economías máis fortes de Europa.

É dicir, **Galicia pode ser o que queira ser... se tivese quen a dirixa.**

Porque cando miramos o que fai o seu goberno con esa vantaxe, aparece a realidade: creamos emprego á metade de ritmo que España, como vimos esta mesma semana, cun crecemento do 2,5% a nivel estatal, mesmo en cifras históricas, mentres Galicia queda nun 1,5%. E, ademais, mantén unha das peores taxas de actividade do Estado.


É dicir, temos potencial... pero non temos impulso.

Por que sucede isto? Pois cabe facerse a pregunta obvia: Que política económica ten este goberno? Que modelo de crecemento temos? Ou mellor preguntado... temos algún?

Vostede confunde gobernar con anunciar, e o resultado é unha política industrial sen rumbo e sen planificación. Os chamados PIES —Proxectos Industriais Estratéxicos— eran a gran ferramenta: con prioridade, tramitación acelerada e apoio público para xerar emprego e atraer investimento.

Inventaron a vía rápida... e deixárona en punto morto. Ningún proxecto avanza, ningún se executa. E cando todo é prioritario, en realidade nada o é. Porque sen proxectos reais, nin as ferramentas funcionan.





Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Altri é o exemplo máis claro do seu modelo: venderon unha macrocelulosa como modernidade verde e acabou sendo o símbolo dunha política industrial opaca e sen respaldo social nin técnico. Apostaron a unha única carta porque non tiñan plan. E tivemos que ser a sociedade galega e un goberno socialista quen frease ese erro.

Agora só queda unha saída digna: rectificar.

Fágalle un favor a Galicia, señor Rueda: peche definitivamente este proxecto e faga público o acordo oculto.

Porque o que se intenta agochar por decisión política... acabará saíndo pola vía xudicial.

Na **ENERXÍA**, o problema é aínda máis evidente. Poderíamos ser a primeira potencia eólica, producimos electricidade, pero non transformamos esa enerxía en industria nin en benestar para o territorio. 80 parques paralizados pola súa falta de planificación e agora, coas repotenciacións eólicas que impón sen consenso e inseguridade xurídica, os concellos poden perder ata un 60% dos ingresos do canon eólico, é dicir, menos recursos para servizos públicos. Non hai planificación, nin retorno nin xustiza territorial.

Fronte a isto, propomos un cambio claro: política industrial activa de verdade, planificación na industria eólica, tamén na eólica mariña, para ser líderes na transición enerxética pero con retorno en Galicia: máis ingresos para os concellos, enerxía máis barata para empresas e fogares, e renovables ligadas á creación de industria e emprego no mesmo territorio.

O **SECTOR PRIMARIO** está en crise porque levan anos gobernando sen rumbo, substituíndo a planificación por subvencións puntuais que non solucionan os problemas de fondo.

Miren o marisqueo: leva máis dunha década en caída. E que pide o sector? Planificación, rexeneración das rías, control ambiental e medidas a longo prazo. Pero o seu goberno segue instalado na inercia.

O consumo de peixe segue caendo. Hoxe admitiuno vostede. E o seu chamado Bono Peixe —a súa medida estrela de hai un ano, que agora se carga— confirmou o que xa sabiamos: sen actuar sobre os problemas de fondo —prezos, cadea de valor e hábitos de consumo— non hai solución. Non busque excusas.

No leite, a realidade é igual de dura: estanse a pagar arredor de 3 céntimos menos por litro que o ano anterior. E segue sufrindo competencia desleal e prácticas abusivas da industria, sen que a Xunta actúe con firmeza.


E o dato máis demoledor: Galicia perdeu case a metade das súas explotacións de leite en dez anos, pasando de máis de 9.500 a menos de 5.000. Hoxe, só arredor do 5% teñen relevo xeracional garantido.

Mentres, é incapaz de frear á dereita europea que ven a recortar o PAC e négase a apoiar os nosos produtos para que Mercosur, unha boa oportunidade para Galicia, sexa aínda máis beneficiosa para a nosa economía rural.

E logo está a súa “planificación económica”.

- Anunciaron unha rede de centros de innovación agroalimentaria no rural: ¿Sabe en que quedou? En nada.





Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

- E prometeron unha comercializadora pública de enerxía renovable: máis dun ano e medio despois, seguimos sen ela. Só sabemos que vai aumentar o capital deste chiringuito.

En definitiva, os datos desmontan o seu discurso: menos produción, menos consumo, menos explotacións e menos futuro.

E todo isto cunha política a tombos en **MATERIA DE FACENDA**. E a súa falta de planificación nótase, sobre todo, no financiamento. Hoxe dedicoulle 10 segundos a este tema.

Levamos máis de trece anos cun sistema caducado... pero, curiosamente, cando por fin hai unha proposta enriba da mesa —587 millóns para Galicia, cando vostede mesmo falaba de 500, lémbrese?—, resulta que tampouco lle vale.

Por iso nós propoñemos algo bastante revolucionario, xa ve: **un gran pacto de país para mellora este punto de partida**. Sentar, acordar e defender Galicia con ambición, tendo en conta que somos un país con poboación avellentada e dispersa xeograficamente.

E tamén dicimos: aproveitemos a condonación da débeda. 4.010 millóns menos. Pasar de 12.010 millóns a 8.000. Porque é vostede o único galego - bueno, vostede e o señor Corgos-, que non quere que lle condonen a débeda a Galicia... a débeda que vostedes mesmos contribuíron a crear. Ten mérito.

Van de bos xestores e non, non brillan as súas contas públicas. Non executan os orzamentos... Pero iso si, deixa de ingresar centos de millóns de euros en rebaixas fiscais para os de sempre. Un detalle cos que máis teñen... que pagamos entre todos.

Cartos que non aparecen en sanidade, nin en vivenda, nin en educación.

Sinceramente, señor Rueda, vostede non é a solución... vostede é o problema.

Un problema tamén porque é imposible xestionar este país se non é quen de ter unha mínima visión do conxunto del. Isto tamén se ve a través da súa idea do **TERRITORIO**.

Galicia, para vostede, non é un país diverso e interconectado. É máis ben un mapa cheo de problemas soltos que vai atendendo segundo lle van estoupando.

Pero mire, Galicia precisa xusto o contrario: vertebración, equilibrio territorial e políticas que entendan que este país funciona como un todo.

E iso non se fai con ocorrencias nin con improvisación.


Faise con políticas públicas que entendan de verdade as necesidades de cada territorio.

Aínda que, visto o visto, igual o problema é que Galicia lle queda grande. Porque non é quen de entender nin sequera á Galicia urbana, a que tira da economía e do progreso. Iso si, casualmente, é a que non goberna o PP.

Pásalle agora cos aeroportos: outra vez, sen visión de conxunto nin criterio claro.

En lugar de exercer a súa responsabilidade e definir unha política aeroportuaria seria, envía voceiros a lanzar globos sonda, a ver que reacción hai... e, de paso, a sinalar aos concellos como





Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

culpables. Pero o problema está na súa incapacidade para proxectar o valor estratéxico que teñen os aeroportos para o conxunto do país.

Por iso preguntolle directamente, señor Rueda: **¿Cre vostede que hai que pechar algún aeroporto en Galicia?**

A súa planificación aquí, coma sempre, ausente. A Xunta debe ser o organismo que comprenda a rede aeroportuaria como un todo, como unha oportunidade. Pero insiste en mirar en pequeno e por iso coquetea con agresións as grandes cidades.

Voulle dar algún dato: as 3 terminais aéreas galegas rexistraron no ano 2025 un volume de pasaxeiros e mercancías superior ao de máis da metade dos aeroportos de España.

Alvedro acadou o seu segundo mellor exercicio histórico e Peinador medrou un 5% respecto do ano anterior.

Se mirase de verdade polo país, señor Rueda, Galicia levaría anos competindo por atraer rutas, compañías e investimento aeroportuario con compromiso público e cunha estratexia clara de coxestión dos aeroportos como xa fan noutras comunidades.

Pero non fixo nada. Nin planificación, nin aposta, nin liderado.

En materia de **INFRAESTRUTURAS**, o seu goberno leva anos chegando tarde... ou, directamente, non chegando.

Na AP-9, a principal arteria de Galicia, foi un presidente socialista quen impulsou solucións reais con bonificacións, tamén na AP-53, que xa supoñen arredor de 100 millóns de euros de aforro anuais para a cidadanía.

E si, o socialismo galego seguirá reivindicando como gran prioridade que esta autoestrada sexa gratuíta na súa totalidade.

Pero tamén seguiremos reclamándolle a vostede que as autoestradas galegas inicien o camiño cara á gratuidade, como nós estamos avanzando coas do Estado.

No transporte público interurbano, un plan de 160 millóns que non funciona: incomunicación, atrasos, incumprimentos e usuarios abandonados, con 53 millóns extra para rescatar concesionarias.


Pero se hai un lugar onde se ve con toda claridade a súa falta absoluta de planificación é **NO RURAL**, señor Rueda.

Aí non hai proxecto, hai desatención. Porque mentres enchen a boca falando do rural, os gobernos do PP dos que vostede forma parte deixaron sen investir case 2.000 M€ destinados ao rural. Case 2.000 millóns. Iso non é un erro, é unha decisión política consciente e reiterada no tempo.

A súa decisión é clara: deixar morrer o rural porque non cre nel.

Porque: Onde están as liñas de transporte por autobús que poderían conectar poboacións e comarcas en Galicia? Desaparecidas.





Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Que sucede en canto hai unha baixa dun médico? Que non se substitúe.

E cando hai problemas de nenos nas escolas? Que se pechan e non se volven a abrir.

Pero Galicia non se entende sen o seu rural, nin hai país se se abandona a quen o sostén.

O abandono do rural, e por tanto tamén do monte, trae consecuencias fatídicas.

O ano pasado queimáronse 178.000 ha. en toda Galicia, unha cifra histórica. **O que non se planifica no inverno, arde no verán.** Ou antes. Estamos en abril e levamos semanas xa con lumes activos.

E non, non é mala sorte: é falta de planificación. E as consecuencias están á vista: incendios máis grandes, máis rápidos, máis perigosos, aldeas cercadas, xente defendendo as súas casas soa. E despois, o de sempre: excusas, culpables externos e ningunha autocrítica.

E que aprenderon? Que medidas correctoras se tomaron? Levan cinco meses de atraso na aprobación do Plan de Prevención e Extinción, do Pladiga, e mentres presumen de aumentar os fondos, están a perder os cartos da prevención. Non os executan.

Porque cando arde Galicia, non arde só o monte: arde o fracaso dun modelo.

O vivido no verán de 2025 non foi unha fatalidade inevitable, foi a consecuencia dunha cadea de decisións políticas: menos prevención, menos ordenación, menos rural vivo. E cando falla todo iso, o lume sempre chega. Este ano imos camiño do mesmo escenario.

E xa llo dixen, e hoxe repítollo con toda claridade: se Galicia volve arder, non será unha sorpresa nin unha fatalidade.

Será súa a responsabilidade.

A comprensión territorial de Galicia é un imposible no seu goberno. Quen asume a responsabilidade de dar respostas á cidadanía son os **CONCELLOS**. A vostede seguro que lle soan os concellos porque son os que fan o que vostede non quere facer. Os que asumen competencias que lle corresponden á Xunta e os que suplen, día a día, a súa desidia.

E, aínda por riba de explotalos, quere vostede agora impoñer unha nova lexislación de Administración Local que os torture aínda máis.


Quítalles capacidade de decisión mentres lles engade máis cargas, máis competencias e máis obrigas... e nin un euro adicionais para financiarlas.

É dicir: máis tutelaxe, menos recursos. Un negocio redondo para a Xunta; un déficit enorme para os concellos e máis problemas para os cidadáns.

Pare e reconduza a Lei. Cómpre poñer orde nas competencias, asegurar o financiamento que lles corresponde e garantir unha cooperación leal entre administracións, non unha subordinación permanente aos intereses do PP:

E neste campo, tamén a nada, señor Rueda.





Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

E cando toman parte é para unha desfeita. Este país é moito máis grande que a idea que teñen del. Calquera cuestión sobre a nosa **IDENTIDADE** o evidencia.

Vivimos un problema coa lingua, desvalorizada por vostede. Cando se coñeceron os dramáticos datos sobre o seu uso, especialmente pola mocidade, botou á rúa a quen os fixo públicos e comprou outros. Pero se hoxe mirásemos de novo as cifras, o retroceso sería máis evidente.

As e os socialistas non pedimos privilexios: pedimos que se cumpra a Carta Europea das Linguas Minoritarias. Porque o noso idioma non é unha opción, é un dereito que debe ser protexido.

E do seu escapismo en Bruxelas para que o galego sexa lingua oficial na UE xa nin lle falo.

Pero en fin, vostede é o Presidente galego dun partido que votou contra o uso da nosa lingua no Congreso, e eu tiven a honra de ser o deputado que defendeu aquel avance histórico. Evidentemente, son dúas maneiras de entender a nosa identidade.

Na mesma liña, o seu problema coa **CULTURA** non é novo. Non cren nela. Para o PP redúcese a unha oficina de subvencións, a unha ferramenta burocrática sen alma nin proxecto de país.

Porque se algo define a súa suposta política cultural é precisamente a súa ausencia.

E o máis grave é que esa ausencia xa se converteu en oposición activa: chegan ao punto de negarse a defender a presenza da cultura galega en espazos internacionais como a UNESCO. Actitude que sorprendería até aos máis recalcitrantes estratexas do PP na década dos 80 e 90 do pasado século.

Iso xa non é desleixo, é renuncia absoluta.

Galicia precisa un verdadeiro plan de dereitos culturais, que entenda a cultura como un dereito da cidadanía, non como un privilexio nin como un trámite administrativo.

Un país que coide e impulse o seu talento, desde quen comeza ata quen leva anos creando, desde o local ata o internacional.

Pero para iso hai que ter claro que país se quere construír. E vostedes non teñen proxecto.

Nós si o temos. O dunha nación orgullosa da súa identidade, aberta ao mundo, que participa con voz propia nunha España máis xusta e plural, e nunha Europa que non só sexa mercado, senón tamén cultura, diversidade e futuro compartido.


Galicia non é allea á **DERIVA DEMOCRÁTICA**. Defínase, señor Rueda. Defina o seu criterio. Galicia non merece un goberno perdido no populismo nin arrastrado por unha deriva democrática preocupante, con esa mirada cómplice cara á ultradereita

Permítanme un consello: rompan co odio, co populismo e co extremismo. Afástense dos discursos que premian a ignorancia, das fake news e da negación do que somos como sociedade.

Aparten á sección VOX que teñen enquistada no PP galego: que coquetea co negacionismo da igualdade, co desprezo ás minorías, co *atrasismo* científico.

A intolerancia e o atraso non poden marcar o rumbo de Galicia.





Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Afástense diso. Só así poderemos entre todos construír un país máis sólido e máis democrático.

Pero déixeme que fale tamén da súa exemplaridade, ou mellor dito, da falta dela.

Galicia está á cola das CCAA na regulación efectiva dos conflitos de intereses, dos *lobbies* e da transparencia real. E iso ten consecuencias:

- Un de cada cinco euros en contratación pública adxudícase a dedo.
- Contratos menores que acaban sempre nos mesmos nomes, con vínculos familiares ou persoais co PP.
- E, por se fose pouco, portas xiratorias sen control: altos cargos que pasan á privada sen garantías nin transparencia.

E nesa transparencia non parece que teñamos moita axuda dos **medios públicos**.

Desde 2009, na Tele e Radio PP acumúlanse 450 procedementos laborais perdidos por vulnerar os dereitos fundamentais dos empregados e máis de 60 M€ públicos en indemnizacións e conflitos.

E ao mesmo tempo, máis de 400 venres negros co propio persoal denunciando manipulación e falta de pluralismo.

Pero hai algo aínda máis claro: a cidadanía xa respondeu ante a súa propaganda continua.

En 2025, a TVG cae aos peores datos da súa historia, chegando ao 7,7% nalgún momento.

O resultado son medios públicos máis controlados, máis cuestionados e menos vistos, e máis pronto que tarde, Europa nos dará a razón nesta denuncia.

Pero non podemos falar de deriva democrática sen falar de **MEMORIA DEMOCRÁTICA**, das políticas que en Galicia están desmanteladas pola súa decisión.

En canto chegaron ao Goberno no 2009 eliminaron dun plumazo un modelo que tiña recursos, colaboración coa universidade e co tecido asociativo e o recoñecemento ás vítimas.


Hoxe non só miran para outro lado, senón que incumpren unha obriga legal: aplicar a Lei de Memoria Democrática, mentres, iso si, intentan branquear o Pazo de Meirás como xa fixeron coa Illa de San Simón.

Galicia necesita recuperar unha política pública de memoria. Porque non falamos do pasado: falamos de dignidade, de verdade e de non repetir os erros máis tráxicos da nosa historia.

E non podo pechar o bloque dos dereitos sen falar de **IGUALDADE**, porque é a que debe impregnar todas as políticas.

No partido socialistas témolo claro. Para acadar unha Galicia máis Igualitaria e polo tanto máis libre e democrática hai que facer da Igualdade a columna vertebral presente en todas as accións de Goberno.





Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

A igualdade non vai de leis no papel, vai da vida real das persoas. E a realidade é teimuda: en 2026 xa foron asasinadas 11 mulleres e 3 menores en España. Non son cifras, son vidas rotas.

Pero para vostedes, a igualdade parece pouco máis que un discurso bonito no papel e irrelevante na práctica: dous anos despois da Lei de Igualdade, a paridade non existe en moitos organismos da Xunta, non hai Plan de Saúde feminino, non se aplica a educación afectivo-sexual nin se integra a igualdade no currículo.

Mentres tanto, precarizan sectores feminizados, abandonan ás mulleres do rural e do mar, non reforzan os CIM e seguen sen abordar con firmeza a corresponsabilidade nos coidados.

E fronte ao repunte da violencia machista, responden con medidas puntuais e insuficientes. Sen prevención real, sen formación e sen recursos, non hai política de igualdade: hai abandono.

CONCLUSIONES

En resumen, vivimos ante un goberno entregado ao control do relato.

Non hai interese por planificar, dialogar, adoptar decisións, impulsar políticas transformadoras e conseguir avanzar na mellora colectiva como sociedade e como país.

A vostede, señor Rueda, non lle xera ningunha emoción ou responsabilidade a Presidencia da Xunta.

Para iso, hai que ter unha idea do país que quere proxectar. E vostede non quere nada para o país, máis alá de gobernalo.

Non lle gusta o país, o que lle gusta é o poder... manexar as institucións...


Aspira a dirixir quen vai a un posto, quen ocupa un cargo.... en cada ámbito, en cada espazo.

Nós traemos propostas a este debate. Lémbrolle só algunhas:

1. Posición unitaria contra a guerra de Oriente Medio.
2. Reforma do modelo sanitario para redimensionar a Atención Primaria.
3. Plan de choque contra listas de espera.
4. Garantir atención primaria en menos 48 horas.
5. Intervención no mercado de vivenda de aluguer con Banco Público.
6. Acción decidida en planificación eólica.
7. Actuación sobre as rías galegas para mellorar a situación do marisqueo.
8. Frear o *dumping* do mercado de leite.
9. Negociar a quita da débeda.
10. Dialogar sobre o modelo de financiamento para Galicia.
11. Arquivar o proxecto Altri.
12. Buscar unha mellor lexislación de administración local.
13. Acordar o apoio conxunto ao uso do galego en Europa.
14. Un plan de dereitos culturais.

Vostede, señor Rueda, está acostumado a lanzar moitos bonos. Hoxe reforzan o Bono Coidado.





Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Foi o bono peixe, o bono chándal, o bono rural, bono cultural mozo, bono térmico, bono autónomo, bono aluguer social... hai moitos bonos.

Visto o visto eu voulle propoer outro bono: **O Bono Goberno.**

O funcionamento é simple e sinxelo: os cidadáns pagamos impostos e o goberno resolve os problemas. ¿Que lle parece? A metade xa está cumprida, pero sería fantástico que anunciase vostede que vai intentar cumprir a outra metade.

Señor Rueda,

Insisto, non ten modelo, o que si ten é unha marca, a marca Galicia Caridade, Caridade, que non confundir con Calidade.

PECHE

Señor Rueda, volve vostede a este debate..., e todo apunta a que será novamente falido.

Cada vez que intervén da a sensación de que vostede é unha emenda á totalidade de si mesmo. Un presidente que anuncia solucións para problemas que levan anos crescendo baixo os seus propios gobernos.

E o peor non é o que di. O peor é que xa sabemos que non o vai cumprir.

E por iso estamos aquí: para denunciar esa pobre acción política que vostede desenvolve e para presentar alternativas.

Facémolo porque vemos, cada día, que Galicia é un gran país. Un país grande, con recursos e persoas que lideran o mundo dende aquí.

Galicia é unha historia de éxito que precisa o pulo necesario para ir aínda máis alá. Só lle falta un goberno que governe.

Galicia pode estar segura que hai un Partido Socialista que cre neste país, que o defende e que ten a ilusión e a ambición de camiñar cara adiante.

Sen pretender tutelalo, nin utilízalo para outras batallas.

Con todo ese enorme caudal de coñecemento, de saber facer e a capacidade de traballo que ten demostrado este país, estamos convencidos de que non é preciso, senón que é moi posible, devolver a esperanza fronte á indolencia.

A firmeza da dignidade fronte aos servilismo aos poderosos.


A convicción fronte á especulación.

As iniciativas fronte á desidia.


A política da maioría para beneficio da maioría.

Para ese país que xa está en marcha... é para o que traballamos cada día.





Grupo Socialista
Parlamento de Galicia



Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Sáúdos, Comunicación PSdeG-PSOE

